



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Bases da convocatoria para a provisión do posto de inspector-xefe da Policía Local do Concello Cambre polo procedemento de libre designación con convocatoria pública

Bases da convocatoria para a provisión do posto de inspector-xefe da Policía Local do Concello de Cambre polo procedemento de libre designación con convocatoria pública

Por resolución da concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 470/2021 de data 09/04/2021, aprobáronse as bases da convocatoria para a provisión do posto de Inspector-Xefe da Policía Local do Concello de Cambre polo procedemento de libre designación con convocatoria pública.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral desde Concello no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Anuncio que será publicado igualmente, na páxina web do Concello de Cambre: www-cambre.org, e nos taboleiros de anuncios municipais.

As solicitudes poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 16.4 e 5 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As Bases reguladoras desta convocatoria son as seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE INSPECTOR-XEFE DA POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE CAMBRE POLO PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN CON CONVOCATORIA PÚBLICA

Primeira.–Obxecto.

É obxecto da presente convocatoria a provisión do posto de inspector-xefe da Policía Local do Concello de Cambre mediante o procedemento de libre designación con convocatoria pública, de conformidade cos artigos 27 da Lei 4/2007 de coordinación de Policía Local de Galicia, 80 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015 e 92 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, cuxas características se detallan a continuación de acordo coa vixente relación de postos de traballo:

- Denominación: inspector Policía Local.
- Funcións: organización e dirección dos servizos da Policía Municipal, asignación do persoal aos diferentes servizos.
- Código: AL151700019.
- Tipo de posto: singularizado.
- Escala: Administración especial.
- Subescala: Servizos especiais.
- Clase: Policía local.
- Categoría: inspector.
- Grupo-subgrupo: A2.
- Complemento de destino: 22.
- Complemento específico: 15.147,71 €.

Segunda.–Requisitos dos aspirantes.

De conformidade co artigo 27-1 da Lei 4/2007 de coordinación de Policía Local de Galicia, poderán participar na convocatoria os funcionarios de carreira da plantilla da Policía Local do Concello de Cambre que teñan a máxima categoría da mesma (inspector) así como os funcionarios de carreira dos corpos da Policía Local doutros concellos da Comunidade Autónoma de Galicia ou da Policía de Galicia sempre e cando pertencen á categoría de inspector e estean en posesión, en

ambos casos, do título universitario de Grao, Diplomatura Universitaria, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou equivalente e do permiso de conducir da clase B.

Terceira.-Solicitudes.

1.-As solicitudes para tomar parte na presente convocatoria serán dirixidas ao órgano convocante e se presentarán, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado, no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou en calquera das formas ás que se refire o artigo 16-4 e 5 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.-Á solicitude acompañarase inescusablemente:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- Certificación expedida polo órgano competente da Administración correspondente na que se acredite a escala e categoría da Policía Local á que pertence, o posto de traballo que ocupe actualmente e a súa situación administrativa.
- Título universitario de Grao, Diplomatura Universitaria, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou equivalente e o permiso de conducir da clase B ou superior, en orixinal ou copia compulsada, salvo que obren en poder do Concello de Cambre en cuxo caso terase que indicar na solicitude para participar neste proceso de provisión de posto de traballo.
- "Currículum vitae" datado e asinado no que haberanse de reflexar os anos de servizo, postos desempeñados na Administración Pública, titulacións académicas, estudos e cursos realizados, así como calquera outro mérito que se estime oportuno poñer de manifesto, mediante certificacións, títulos orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non se serán en conta aqueles méritos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

3.-As bases íntegras desta convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e os anuncios da mesma no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, así coma na páxina web e nos taboleiros de edictos deste Concello.

Cuarta.-Relación de admitidos.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes aprobarase unha lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión se é o caso. Esta relación publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal e nos taboleiros de edictos deste Concello.

Os interesados disporán dun prazo de 10 días, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia, para poder presentar reclamacións ou observacións á mesma, as cales, se has houbera, serán resoltas polo mesmo órgano que aprobou a lista provisional a través de resolución pola que se aprobará a lista definitiva.

A lista definitiva aprobada igualmente publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal e nos taboleiros de edictos do Concello de Cambre.

De non presentarse reclamacións ou observacións, a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva, facéndose constar na mesma tal circunstancia.

Quinta.-Resolución da convocatoria e nomeamento.

1.-A convocatoria será resolta polo alcalde e a este lle corresponderá realizar discrecional e motivadamente o nomeamento atendendo ao cumprimento por parte do aspirante elixido dos requisitos e especificacións esixidos na convocatoria.

2.-Os aspirantes poderán ser chamados, en caso de considerarse oportuno, á realización dunha entrevista sobre cuestións derivadas do seu "currículum vitae" ou sobre calquera outra que o órgano competente considere necesaria.

3.-O nomeamento efectuarase no prazo máximo de dous meses, contados a partir da finalización do prazo para a presentación de solicitudes e será publicado no Boletín Oficial da Provincia .

4.-Poderá declararse deserta a convocatoria cando ningún dos candidatos alcanzase o nivel suficiente para o posto a xuízo do órgano competente.

Sexta.-Toma de posesión.

1.-O prazo para a toma de posesión do novo destino obtido será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días se comporta cambio de residencia.

O prazo para a toma de posesión comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cese, que deberá ser efectuado dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se o nomeamento comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde dita publicación.

2.–A tódolos efectos o prazo de toma de posesión considerárase como de servizo activo, comezando os efectos económicos do novo destino desde a data do cese no de procedencia.

3.–O funcionario nomeado poderá ser cesado con carácter discrecional.

Sétima.–Impugnación.

Contra as presentes bases e a convocatoria que regula poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación destes actos ante o mesmo órgano que os ditou ou ben recurso contencioso administrativo ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, a contar desde a mesma data, de conformidade coa Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e coa Lei 29/1998 reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, sen prexuízo de que se poida utilizar, se é o caso, calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cambre, 12 de abril de 2021.

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos

PD. (Res. Alcaldía 1323 do 01/07/2019)

María Dolores Pan Lesta

2021/2936